



Código do documento	Código do expediente
UPO18I00B6	UPO/2023/8
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
6U0H 730N 612H 1B0L 0X15	

ARF

Anuncio:

EXTRACTO DA ACTA DA SESIÓN NÚM. 4 DO TRIBUNAL CUALIFICADOR DO PROCESO SELECTIVO DE ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL PARA A SELECCIÓN DE DÚAS PRAZAS DE AUXILIAR DE INFORMACIÓN, FUNCIONARIO GRUPO C2, MEDIANTE PROCEDIMENTO DE CONCURSO, QUENDA LIBRE, CELEBRADA O DÍA 16 DE XANEIRO DE 2024.

(.../...)

No salón de plenos da casa consistorial do Concello de Culleredo, ás 09.15 horas do 16 de xaneiro de 2024, reúnen os membros do Tribunal arriba mencionados para o análise das reclamacións efectuadas á proposta de puntuación final do proceso selectivo citado no encabezamento desta acta, unha vez rematado o prazo de alegacións establecido.

Alegación 1.- Eva María Tejido Collazo, con número de rexistro de entrada 202490000000031 de 03.01.2024 presentada polo sistema de interconexión de rexistros (SIR), presenta reclamación contra o anuncio relativo ao proceso selectivo de estabilización de emprego temporal de dúas prazas de auxiliar de información.

a) Experiencia profesional.

Na acta da sesión núm.2, código documento UPO17I01MW, de data 6 de xullo de 2023 o tribunal cualificador do mencionado proceso selectivo, deixa constancia en relación ca experiencia noutros postos/prazas diferentes das que son obxecto desta convocatoria, o que a continuación se detalla:

"Con carácter previo e a petición do Secretario, e dado que numerosos aspirantes alegan experiencia noutros postos/prazas diferentes as que son obxecto desta convocatoria, procedese ó seu análise xeral, sen prexuízo da súa valoración individual no momento procesal oportuno. Neste senso se comprobán as funcións incluídas na ficha descritiva de postos de traballo deste Concello, correspondentes aos postos de Auxiliar de Información e de conserxe, chegando á conclusión de que, aínda que existe algunha coincidencia de funcións, trátase de postos de traballo con funcións substancialmente distintas, polo que non procede a súa valoración, salvo que na certificación de servizos prestados que poidan aportar os candidatos, se inclúan funcións que poidan considerarse iguais ou similares."

A vista do citado parágrafo **DESESTÍMASE** a solicitude de reclamación dos méritos alegados no apartado de experiencia.

b) Orde de actuación nos procesos de selección do proceso extraordinario de estabilización de emprego temporal de longa duración do Concello de Culleredo.

Código do documento	Código do expediente
UPO18I00B6	UPO/2023/8
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
6U0H 730N 612H 1B0L 0X15	

C.I.F. P-1503100-H

Na base (novena) das específicas dos procesos de selección do proceso extraordinario de estabilización de emprego temporal de longa duración do Concello de Culleredo (BOP núm. 232 do 9 de decembro de 2022) di:

"De persistir o empate, este liquidarase por orde alfabética do primeiro apelido dos aspirantes empatados, de conformidade coa letra que se determine no sorteo público anual realizado pola Secretaría de Estado para a Administración Pública a que se refire o artigo 17 do RGI, que se publicará no "Boletín Oficial do Estado" correspondente ao ano de execución do proceso selectivo."

Segundo o Boletín Oficial do Estado (BOE) núm. 114 de 13 de mayo de 2022 a orde de actuación dos aspirantes en todas as probas selectivas que se convoquen desde o día seguinte á publicación desta Resolución, ata a publicación do resultado do sorteo correspondente ao ano 2023, iniciarase por aqueles cuxo primeiro apelido comece pola letra "U", atendendo, para estes efectos, á ordenación alfabética resultante da listaxe de aspirantes admitidos. No caso de que non exista ningún aspirante cuxo primeiro apelido comece pola letra "U", a orde de actuación iniciarase por aqueles cuxo primeiro apelido comece pola letra "V", e así sucesivamente.

Polo tanto, segundo o resultado de dito sorteo a orde de actuación dos aspirantes en todas as probas selectivas que se convoquen dende o día seguinte á publicación desta Resolución, **ata a publicación do resultado do sorteo correspondente ao ano 2023**, iniciarase por aqueles cuxo primeiro apelido comece pola letra "U", atendendo, para estes efectos, á ordenación alfabética resultante da listaxe de aspirantes admitidos.

No obstante o anterior detectouse un erro de transcripción na listaxe de valoracións do mencionado proceso selectivo, polo que esta comisión de avaliación acorda elevar unha nova proposta de listaxe de valoracións finais obtidas polos/as candidatos/as ordeada por orde alfabética do primeiro apelido á concelleira de Cohesión social, recursos humanos e réxime interior, quedando a nova proposta como se recolle no anexo adxunto a esta acta.

Alegación 2. Pedro Pablo Quinteiro Vaamonde, con número de rexistro de entrada 2023/13510, solicita valoración dos méritos profesionais.

DESESTÍMASE, a solicitude de reclamación dos méritos alegados no apartado de experiencia, por non terse acreditados durante o prazo de presentación de solicitudes de participación no proceso selectivo nos termos e condicións sinalados na base 8.2.A.2) das específicas, das que rexen a convocatoria: "Os servizos prestados noutras Administracións Públicas, en postos/prazas de iguais ou similares funcións e do mesmo grupo da categoría da convocatoria".

Sen mais asuntos que tratar a Presidenta da por rematado o acto cando son as 12.32 horas do día sinadado no encabezamento, dispoñendo que se redacte a presente acta que suscriben todos os membros do Tribunal.

Código do documento	Código do expediente
UPO18100B6	UPO/2023/8
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
 6U0H 730N 612H 1B0L 0X15	

ANEXO

		Total Puntuación Experiencia Máximo 90 puntos	Puntuación Cursos Máximo 10 puntos	TOTAL
1	FERREÑO GOMEZ , MARIA CARMEN ***6864**	90,000	10,000	100,000
2	RIO PEREZ , LORETO MARIA ***2732**	90,000	10,000	100,000
3	VISO ANGERIZ , MARIA DOSINDA ***9219**	0,000	10,000	10,000
4	BLANCO BARRAL , JOSE MANUEL ***9616**	0,000	10,000	10,000
5	BLANCO ROO , ALBA ***9515**	0,000	10,000	10,000
6	CALVIÑO DORADO , MONICA ***2522**	0,000	10,000	10,000
7	CORNADO RODRIGUEZ , LUCIA ***5693**	0,000	10,000	10,000
8	FELIPE PEREZ , JOSE CARLOS ***2279**	0,000	10,000	10,000
9	FERNANDEZ FELIZ , ELISA ***7073**	0,000	10,000	10,000
10	FILGUEIRA HERVA , M ^a BEGOÑA ***7090**	0,000	10,000	10,000
11	GARCIA DURAN , M ^a ANDURÍÑA ***3461**	0,000	10,000	10,000
12	GOLPE TELLADO , MARIA JESUS ***8835**	0,000	10,000	10,000
13	GONZALEZ ALVAREZ , ANA MARIA ***1209**	0,000	10,000	10,000
14	MARTUL ROSENDE , TANIA ***8969**	0,000	10,000	10,000
15	MEJUTO VAL , BEGOÑA ***9052**	0,000	10,000	10,000
16	PRIETO FERNANDEZ , ADRIANA ***3103**	0,000	10,000	10,000
17	QUINTEIRO VAAMONDE, PEDRO PABLO***1695**	0,000	10,000	10,000
18	REGUEIRO RODRÍGUEZ , MARÍA HELENA ***9071**	0,000	10,000	10,000
19	REINO REY , ALBA ANDREA ***7875**	0,000	10,000	10,000
20	ROMERO SUÁREZ , BEGOÑA ***0256**	0,000	10,000	10,000
21	SANCHEZ ESPASANDIN , ARGENTINA ***1375**	0,000	10,000	10,000
22	SANGUINO SANCHEZ , LIDIA MARIA ***9016**	0,000	10,000	10,000
23	TEDIN MOUZO , ISABEL ***6495**	0,000	10,000	10,000
24	TEIJIDO COLLAZO , EVA MARIA ***5410**	0,000	10,000	10,000
25	TELLADO CAMPOS , PATRICIA ***7408**	0,000	10,000	10,000
26	TORRES LOSADA , IAGO ***6958**	0,000	10,000	10,000
27	ALVAREZ LOIS , PATRICIA ***7372**	0,000	1,000	1,000

C.I.F. P-1503100-H

Culleredo, á data da sinatura dixital

O secretario do tribunal